



XXX TROFEO - 11ª BANDEIRA DE TRAÍÑAS "TERESA HERRERA" - 2015

Data: 8 de agosto de 2015 (Sábado).

Hora: 17:00

A Celebrar en: Ensinada da Praia do Orzán.- (A Coruña)

NORMAS REGATA CLASIFICATORIA CONTRA-RELOXO

1º) SAÍDAS

Artigo 1.- As embarcacións estarán cinco minutos antes da súa hora de comezo na zona de saída, recibindo unha advertencia as tripulacións que non estean presentes.

Artigo 2.- O intervalo entre saídas das traíñas será de minuto en minuto.

Artigo 3.- A liña de saída estará provista dunha rabiza de máis de 5 m de longo.

Artigo 4.- A arde de saída darase seguindo o seguinte procedemento:

- Aviso de 30 segundos
- Aviso de 20 segundos
- Aviso de 10 segundos
- Aviso de 5 segundos
- Conta atrás: 4, 3, 2, 1, "¡VA!" con baixada de bandeira.

Artigo 5.- Para que a saída sexa válida, o patrón debe ter a rabiza agarrada e non soltala ata que o Xuíz baixe a bandeira.

Artigo 6.- Quen na saída se adiante á baixada de bandeira ou solte a rabiza, será sancionado con 4 segundos.

Artigo 7.- No caso de que unha embarcación chegue trade á liña de saída, correralle o tempo. Se houbesen transcorrido 30 segundos e non está preparada para saír, quedará eliminada.

Artigo 8.- Nos casos de forza maior ou avaría comunicarase axiña ó Xuíz-Árbitro, que xunto có Presidente do Xurado tomarán a decisión que estimen máis oportuna.

Artigo 9.- Procederese de mesmo xeito se a avaría se produce dentro dos primeiros 20 segundos de regata. Se o Xuíz comproba que é simulada, seguiralle correndo o tempo.

2º) ADIANTAMENTOS

Artigo 10.- A tripulación que vaia a ser adiantada facilitará a manobra abríndose a estribor.

3º) REGULAMENTO

Artigo 11.- Coma medida supletoria aplicarase o Regulamento de Banco Fixo da FER.



XXX TROFEO - 11ª BANDEIRA DE TRAIÑAS "TERESA HERRERA" - 2015

Data: 8 e 9 de agosto de 2015.

A Celebrar en: Ensinada da Praia do Orzán.- (A Coruña)

N O R M A T I V A

REGATA CLASIFICATORIA.- SÁBADO, día 8 de agosto, ás 17,00 horas.

REGATA CLASIFICATORIA (CONTRA-RELOXO).- Na Reunión de Delegados entregárase o plano do percorrido.

Esta REGATA CLASIFICATORIA, disputarase o sábado a partir das 17,00 horas, para o cal se farán dúas TANDAS, cuxa composición confeccionarase de acordo coa Clasificación Xeral das LIGAS "A" e "B" da Liga Galega de Traiñas. Sendo os primeiros os participantes na Liga "B" e a continuación os participantes na Liga "A".

Clasificarán para a Regata Final do domingo, os 10 mellores tempos de ámbalas dúas tandas.

REUNIÓN DE DELEGADOS.- Terá lugar ás 15,30 horas no Palacio dos Deportes de Riazor (A Coruña).

HORARIOS DA REGATA:

SÁBADO, día 8 de AGOSTO

-Ás 15,30 horas REUNIÓN DE DELEGADOS no PAVILLÓN DE DEPORTES DE RIAZOR.

-Ás 16,00 horas RECOÑECIMENTO DO CAMPO DE REGATAS e a súa Verificación.

-Ás 17,00 horas Comezo da REGATA CLASIFICATORIA (CONTRA-RELOXO), formaranse dúas tandas coas traíñas participantes, sendo a SAÍDA da primeira ás 17,00 horas. A segunda comezará ós 5 minutos de finalizar a primeira.

DOMINGO, día 9 de AGOSTO

-Ás 10,30 horas Revisión do Campo de Regatas.

-Ás 11,30 horas Sorteo de balizas no Palco.

-Ás 11,45 horas OFRENDA ÓS HOMES DO MAR.

-Ás 12,00 horas Comeza a primeira tanda e a continuación a segunda.

-O HORARIO confirmarase na reunión de Delegados.



CLUBS PARTICIPANTES.- Poderán participar tódolos Clubs pertencentes á LIGA GALEGA DE TRAÍÑAS (LGT) que o soliciten, e demais clubs Galegos que o soliciten. Asímesmo, a ORGANIZACIÓN resérvase o dereito de invitar a calquera outra tripulación que considere oportuno. Só poderá participar unha tripulación por club.

INSCRICIÓNS.- Os clubs que desexen participar nesta regata, deberán remitir as follas de inscrición antes das 21,00 do próximo día 5 de agosto (MÉRCORES) á FEDERACIÓN GALEGA DE REMO, remitindo ó FAX: **981/26.48.33** ou ó correo electrónico **remo.fegar@gmail.com** para o seu coñecemento e confirmación da súa asistencia.

ORGANIZACIÓN.-

-EXCMO. CONCELLO DA CORUÑA

-FEDERACIÓN GALEGA DE REMO

CONTROL TÉCNICO.-

-COLEXIO GALEGO DE XUÍCES-ÁRBITROS.

PATROCINA.-

-EXCMO. CONCELLO DA CORUÑA

CLASIFICACIÓN XERAL.-

A Regata do domingo (FINAL), será a clásica de 3 millas con 4 largos e 3 ciabogas sobre babor, tendo que estar as tripulacións da primeira tanda 5 minutos antes da hora de inicio, e a segunda tanda deberá estar preparada tras as balizas antes de que entre a última embarcación da tanda precedente.

REGATA CLASIFICATORIA.- Disputaranse o sábado a partir das 17,00 horas e segundo a súa CLASIFICACIÓN se formarán as TANDAS para a regata final do domingo.

REGATA FINAL, domingo, día 9 de agosto de 2015

-**TANDA PRIMEIRA.-** Esta formada polos tempos do 6º ó 10º.

-**TANDA SEGUNDA.-** Esta formada polos primeiros cinco mellores tempos das tandas clasificatorias.

NESTA EDICIÓN DO XXX TROFEO "TERESA HERRERA" DE TRAÍÑAS, disputarase a BANDEIRA entre as 10 tripulacións participantes na Regata CLASIFICATORIA DO SÁBADO QUE CONSIGAN CLASIFICARSE PARA A REGATA FINAL do domingo. Unha vez realizada a composición das Tandas en función dos tempos da Regata Clasificatoria "CONTRA-RELOXO", procederase ó sorteo das balizas de cada unha das TANDAS, que no caso deste TROFEO "TERESA HERRERA" o COMITÉ ORGANIZADOR pode estimar que se aplique o sistema FISA, é dicir, os mellores tempos de cada unha das Tandas irán polas balizas centrais, coa finalidade de facer as regatas máis atractivas e competitivas.



No caso de non poder celebrar a REGATA FINAL, por calquera causa climatolóxica ou de forza maior, terase como CLASIFICACIÓN XERAL, os resultados da regata clasificatoria CONTRA-RELOXO.

CONDICIÓN S TÉCNICAS.-

Tódolos remeiros participantes, así como Patróns, Delegados e Adestradores, deberán estar en posesión da licenza deportiva federativa, dentro do deporte do remo, correspondente á Tempada 2015 na que se celebra a proba, xa que nesta vai incluída a súa afiliación ó Seguro Obrigatorio Deportivo.

SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL.-

Cada Club participante, deberá presentar ante a Organización o seu propio Seguro de Responsabilidade Civil, de acordo có establecido no Real Decreto 607/99, e como ampliación ó disposto no Real Decreto 62/2008 de 25 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento das condicións de seguridade marítima, da navegación e da vida humana na mar aplicables ás concentracións náuticas de carácter conmemorativo e probas náutico-deportivas.

PREMIOS.-

O XXX TROFEO - 11ª BANDEIRA DE TRAÍÑAS "TERESA HERRERA" - 2015

Consistirá nunha Bandeira de Honra para a traíña vencedora que para tela en propiedade ten que gañala dous anos consecutivos ou tres alternos e uns premios en metálico que para este ano 2015 son os seguintes:

1º.- CLASIFICADO.....	2.500.-€
2º.- CLASIFICADO.....	2.000.-€
3º.- CLASIFICADO.....	1.700.-€
4º.- CLASIFICADO.....	1.500.-€
5º.- CLASIFICADO.....	1.200.-€
6º.- CLASIFICADO.....	1.000.-€
7º.- CLASIFICADO.....	900.-€
8º.- CLASIFICADO.....	800.-€
9º.- CLASIFICADO.....	700.-€
10º.-CLASIFICADO.....	600.-€
Do 11º al 15º.....	300.-€

